

EXPEDIENTE: 9489 / 446

TIPO EXPTE: CONTRATO MENOR SUBMINISTROS

OFERTA CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO

ANUNCIO

Entidade licitadora: Concello de Vigo.**Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Montes, Parques e Xardíns

OBJECTO DO CONTRATO:

O presente anuncio ten como finalidade a formalización dun contrato, a través do réxime de contrato menor de subministro para a adquisición dunha **limpadora de alta presión**, de conformidade co disposto na resolución do Concelleiro Delegado do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, a proposta do Servizo, de data 29 de maio de 2017.

NECESIDADES:

As necesidades do servizo son o subministro dunha limpadora de alta presión modelo KARCHER K7 PREMIUM FULL CONTROL PLUS, ou similar.

CONDICIÓNS DO CONTRATO:

- Prazo de entrega do subministro que deberá ser de **10 días naturais**, dende a data da súa adxudicación que será comunicada á entidade adxudicataria a través de correo electrónico.
- A calidade dos produtos subministrados deberá ser a óptima, sen menoscabo ningún por causa do seu transporte ou manipulación previa á súa entrega.

PRESENTACIÓN OFERTAS:

1. A presentación de ofertas realizarase nos seguintes prazos e términos:

A/ Prazo ou data límite de presentación: establecese en 5 días naturais dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no perfil do contratante da web municipal (www.vigo.org): ata o 7 de xuño de 2017 (inclusive). As ofertas que, na data de finalización deste prazo, non tivesen entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo quedarán excluídas, sen prexuízo do disposto na disposición adicional decimoquinta e decimosexta do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

B/ Lugar: A documentación entregárase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Casa do Concello de Vigo, Praza do Rei, s/n 36202 Vigo) en horario de 9 a 13,30 horas os días laborais e de 9 a 13 horas os sábados. O interesado terá dereito a obter, como acreditación da presentación, recibo no que constará o seu nome, a denominación do obxecto do contrato e o día e hora da presentación. Non será admitida a documentación se é recibida no Rexistro Xeral deste Concello con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 31/05/2017 10:46

Páxina 1 de 7

Expediente 9489/446

Código de verificación: 23E24-B354B-5DEC8-84D35

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

As proposicións poderán ser presentadas tamén por calquera outro dos medios sinalados no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Non obstante, se a documentación non tivese entrada no Concello con anterioridade ao día fixado neste anuncio para a apertura das ofertas, esta non será admitida en ningún caso.

CRITERIO PARA A ADXUDICACIÓN:

Establécese un sistema de puntuación sobre **100 puntos**, distribuídos nos seguintes apartados.

- O menor prezo respecto ao presuposto máximo de licitación, que non poderá ser superior ao importe licitado en ningún caso. **(80 puntos)**
- Garantía ofertada no subministro. **(20 puntos)**

Da puntuación establecida en cada punto enténdese que esta é a máxima puntuación para aquela oferta que resulte ser máis vantaxosas para a Administración, puntuando as demais ofertas de maneira proporcional ao valor ofertado.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA OFERTA:

O interesado deberá presentar un único sobre pechado, preferentemente lacrado e precintado ou co selo da empresa. **No seu exterior constará como mínimo os seguintes datos:**

- Deberá indicar “proposición económica”, número de expediente e título do expediente ao que conorra.
- Os datos seguintes do interesado: datos fiscais do interesado, teléfono, fax, correo electrónico, persoa de contacto.

O sobre deberá conter a seguinte documentación:

- Declaración responsable consonte ao modelo adxunto a este anuncio (Anexo I).
- Oferta económica de acordo co modelo adxunto a este anuncio (Anexo II).

En ningún caso poderá presentarse máis dunha oferta, aínda que se faga mediante sistemas distintos. A presentación de varias ofertas implicará a non admisión do interesado no procedemento de referencia.

OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN: www.vigo.org (perfil do contratante). Departamento de Montes, Parques e Xardíns do Concello de Vigo. Pza. do Rei s/n. 36202 Vigo, 2º andar, teléfono 986-810306, fax 986-229707, correo electrónico: ofi.xardins@vigo.org. Data límite para solicitar documentación: ata o día de finalización do prazo de presentación de ofertas. **Dirección de internet do perfil do contratante:** www.vigo.org (perfil do contratante).

APERTURA DE OFERTAS:

Os sobres abriranse en sesión pública, nas dependencias do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o terceiro día hábil posterior ao remate do prazo de presentación de ofertas, ás 9.00h. A efectos da apertura dos sobres, o sábado non se considerará hábil. Polo tanto, establécese como data de apertura das ofertas o **12 de xuño de 2017, ás 9.00h.**



DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLO CONTRATISTA NO CASO DE RESULTAR SELECCIONADO:**a) Documentos acreditativos da personalidade xurídica:**

- Os empresarios individuais: copia do DNI.
- Os empresarios persoas xurídicas: a escritura, ou os documentos en que conste a constitución da entidade, e os estatutos polos que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda.
- Documentos acreditativos da representación: cando a proposición non apareza asinada polos licitadores deberá incluírse o poder outorgado a favor do que ou dos que subscriban a proposición, xunto cunha copia do Documento Nacional de Identidade do apoderado ou dos apoderados.
- Certificados que acrediten que está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte ó Estado, Comunidade Autónoma e fronte a Tesourería da Seguridade Social que impoñen as disposicións vixentes: non será necesario achegar certificado de estar ó corrente das obrigas tributarias fronte ó Concello de Vigo, por canto será solicitado de oficio polo servizo xestor á Tesourería Municipal.
- Os interesados que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, ou no Rexistro Voluntario de Licitadores do Ministerio de Economía e Facenda, están exentos de presentar a documentación que obre nos mesmos sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentarse acreditación da inscrición no correspondente rexistro actualizada á data da finalización do prazo de presentación de ofertas.

De non achegar a citada documentación **no prazo de tres días hábiles** como máximo, contados a partir do seguinte ao da notificación do requirimento, entenderase que renuncia ao contrato, en cuxo caso, o contrato adjudicaríase ao seguinte participante que tivese feito a seguinte mellor oferta e aporte no mesmo prazo a documentación esixida. Tamén, se o seleccionado renunciase por calquera motivo ao contrato, será substituído polo seguinte da lista.

CAUSAS DE RESCISIÓN DO CONTRATO:

De conformidade co disposto no artigo 223 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Públicos (TRLCSP), será causa de resolución do contrato:

- A demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista.
- O incumprimento das restantes obrigas contractuais esenciais establecidas no contrato, tales como:
 - Deficiencia na calidade dos produtos subministrados.
 - Entrega do subministro nunha ubicación diferente á sinalada polo Concello.
 - Subministrar produtos distintos aos solicitados.

O incumprimento das condicións do contrato será causa de rescisión do mesmo, previo informe motivado dun técnico responsable do Servizo de Montes, Parques e Xardíns.

CLÁUSULAS PARTICULARES:

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 31/05/2017 10:46

Páxina 3 de 7

Expediente 9489/446

Código de verificación: 23E24-B354B-5DEC8-84D35

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

- O subministro deberá ser realizado nos prazos establecidos no contrato e coas instrucións e/ou modificacións que ditamine o Servizo de Montes, Parques e Xardíns.
- Os materiais subministrados deberán ser depositados no lugar indicado polo Concello en perfecto estado de calidade, sen menoscabo ningún por causa do seu transporte ou manipulación previa á súa entrega.

CLÁUSULAS XERAIS:

- Non poderán concorrer empresas que teñan débedas coa Administración ou teñan abertos expedientes sancionadores ou expedientes iniciados pola mala prestación dos servizos nesta Administración municipal.
- Réxime de pagamento: Pagos mediante certificación dos traballos executados.
- As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.
- Os códigos solicitados pola plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado -ao que encóntrase adherido o Concello de Vigo, son os seguintes:

Oficina contable: GE0000575 SERVICIOS ECONÓMICOS/INTERVENCIÓN.

Órgano xestor: L01360577 CONCELLO DE VIGO.

Unidade tramitadora: GE0000625 MONTES, PARQUES E XARDÍNS.

GMC/icg

Vigo, na data da sinatura dixital que figura na marxe,

O Xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns,
Asdo.- Gilberto Moldes Crespo



Expte. 9489 /446

ANEXO I
DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dona, con N.I.F. nº e con enderezo en

(No caso de ser persoa xurídica):

En representación da empresa, con C.I.F. nº, constituída

(facer referencia á escritura). Acreditando a súa representación a través de poder outorgado ante o Notario, D., con data, baixo o número do seu protocolo.

DECLARA baixo xuramento que os datos aportados nesta declaración son exactos:

1. Que coñece o contido do anuncio publicado na páxina Web municipal para contratación do subministro de, e que o acepta incondicionalmente.
2. Que a empresa, á que represento, reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar para contratar co sector público, esixidos nos artigos 54, 57 e 72 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
3. Que a empresa á que represento, non incorre en ningunha das prohibicións para contratar sinaladas no artigo 60 do TRLCSP.
4. Que a mercantil,, ten un obxecto social ou ámbito de actividade no que está comprendido inequivocamente o obxecto do presente contrato, sendo o mesmo (reproducir o obxecto) segundo consta nos estatutos da empresa, de data, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil.
5. Que a mercantil,, atópase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte ó Estado, Comunidade autónoma e Concello de Vigo e fronte á Tesourería da Seguridade Social que imponen as disposicións vixentes.
6. Que a mercantil,, atópase ao corrente no pago de salarios e Seguridade Social dos traballadores da súa plantilla.
7. No suposto de que a personalidade xurídica do empresario e, no seu caso, a súa representación, se acrediten mediante a certificación dun Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas, o licitador manifesta que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación dende que a mesma foi expedida.
8. Que a mercantil,, está en posesión da habilitación profesional que se esixe no anuncio.
9. Que a mercantil,, (si/non) pertence a un grupo de empresas. En caso afirmativo, se relacionarán as outras empresas do grupo que participan na presente licitación.
10. No suposto de que na memoria valorada/proxecto se esixan medios persoais ou materiais, declara o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais que na mesma se contemplan.
11. Que a mercantil,, acepta o correo electrónico como medio de notificación das actuacións que resulten do presente expediente. A estes efectos, sinala como dirección de correo electrónico a seguinte
12. Que a mercantil,, manifesta non ter expedientes sancionadores ou expedientes iniciados pola mala prestación dos servizos nesta Administración municipal.

En, adede



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 31/05/2017 10:46

Páxina 5 de 7

Expediente 9489/446

Código de verificación: 23E24-B354B-5DEC8-84D35

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**SERVIZO DE MONTES,
PARQUES E XARDÍNS**

**CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO,
PARTICIPACIÓN CIDADÁ E
DISTRITOS**

**CONCELLO
DE VIGO**



Selo e Sinatura

ASINADO POR: Xefe Montes Parques E Xardíns (Gilberto Moldes Crespo) 2017-05-31T09:43:43+02:00 -

Documento asinado



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 31/05/2017 10:46

Páxina 6 de 7

Expediente 9489/446

Código de verificación: 23E24-B354B-5DEC8-84D35

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

ANEXO II

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

Don/Dona, con N.I.F. nº, en nome propio (ou en representación de), informado da licitación para a contratación do subministro de Nº expte: manifesta:

Que acepta e coñece as condicións técnicas da memoria valorada/proxecto que define o obxecto deste contrato, así como as condicións administrativas que reñen a presente contratación.

1.- Que propón como prezo **sen IVE** do contrato o de euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de euros, o que supón un prezo total do contrato de euros (**IVE incluído**).

2.- Que propón unha redución no prazo de entrega dos produtos subministrados de días hábiles, o que supón a entrega do subministro en días hábiles dende a adxudicación.

3.- Outros:

En, a de de

Selo e Sinatura

